

# ADOLESCENCIA, TECNOLOXÍA E ADICCIÓNS DENDE UNHA PERSPECTIVA COMUNITARIA: NOVOS RETOS, ESCENARIOS E RECURSOS



## 1.- Presentación:

Investigadores e institucións viñeron mostrando nos últimos anos unha crecente preocupación polo uso de Internet entre os adolescentes. O seu impacto a nivel psicolóxico e conductual tradúcese a miúdo na aparición de condutas de risco, fracaso escolar e problemas familiares. Tendo en conta o interese que o tema esperta a diferentes niveis, esta xornada técnica expónse cunha dobre intención: (1) traballar con datos reais recollidos de xeito científico que permitan coñecer desde un punto de vista descritivo cales son as actitudes, percepcións e hábitos de uso de Internet e as redes sociais entre os adolescentes e, (2) profundar na súa comprensión, contribuíndo así ao deseño de estratexias que favorezan un uso máis racional e saudable da Rede.

## 2.- Datos básicos da formación:

**Data:** sábado 6 de abril de 2024

**Duración do curso:** 6h (de 9h a 15h)

**Modalidade:** Presencial.

**Lugar:** [sede da EGAP](#) (Rúa de Madrid, 2, 15707 Fontiñas, Santiago de Compostela, A Coruña)

**Cota de matriculación:**

- **10€** Colexiadas ou Amigas do Ceessg (ou calquera outro Colexio Profesional adscrito ao CGCEES)
- **30€** persoas non colexiadas.

Ingreso na conta de Banco Sabadell ES41-0081-0499-6100-0104-6708

**Inscripcións:** Na páxina web do Ceessg. [ceessg.gal](http://ceessg.gal)

**Data límite inscricións:** 21 de marzo do 2024

### 3.- Obxectivo:

- Proporcionar ferramentas e recursos útiles para a intervención con adolescentes.
- Coñecer as novas realidades e contextos que afectan ás/aos adolescentes hoxe en día relacionadas con tecnoloxía e adiccións.
- Repensar a práctica socioeducativa por parte das Educadoras e Educadores Sociais.

### 4.- Contidos:

#### **9h-11:45h: De que estamos realmente a falar? claves para entender e previr**

Antonio Rial Boubeta. Profesor da USC. Experto en adolescentes e adiccións.

#### **12:15h-15h: Prevención e intervención dende o eido comunitario**

Anabel Mosquera González. Pedagoga experta en adiccións. Responsable do programa *Fora de Xogo*.

### 5.- Metodoloxía

Esta xornada expónse en modalidade presencial, xa que busca ser interactivo e participativo.

Haberá unha presentación teórica para falar e reflexionar sobre os conceptos expostos. Esta presentación irá acompañada de vídeos que reflictan o explicado.

Haberá tamén, unha sesión práctica da elaboración de distintos proxectos por parte do alumnado, por exemplo: uso das redes sociais, a ludopatía, a adicción por uso de videoxogos, o primeiro móbil, o consumo de pornografía, uns orientados a menores outros ás familias.

Aportaranse as bases en canto a contidos, metodoloxía, etc. Tamén as fortalezas e debilidades máis habituais neste tipo de proxectos.

## 6.- Docentes:



**Antonio Rial Boubeta**

*Doutor en Psicoloxía e Profesor Titular da área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamento da USC. Responsable de numerosos proxectos de investigación do eido da mocidade e as adiccións, dende o Uso problemático de Internet e as redes sociais, ao consumo de alcohol e sustancias. É membro do Alto Comisionado da UNESCO para a loita contra o acoso escolar e o ciberacoso. Dirixiu o [Estudo sobre o Impacto da Tecnoloxía na Adolescencia](#), levado a cabo por UNICEF cunha mostra de 50.000 adolescentes, que é un dos traballos científicos de maior envergadura feitos en Europa sobre o tema.*



**Anabel Mosquera González**

Pedagoga experta en adiccións e formadora de profesionais nos ámbitos sociosanitarios e educativos durante máis de 20 anos. Responsable do programa *Fora de Xogo* sobre prevención e información de ludopatías en menores no Concello de Narón.



ceesg.gal | 981.552.206